

MUROS DO NORDÉS JV

Acción nas rúas de Muxía

22-25 de agosto 2019

Nesta edición partimos da hipótese de que a creación conxunta no espazo público é a base dun sistema fértil e sostible. Para poder levala a cabo construiremos un programa cultural diverso no que o punto de unión sexa a acción nas rúas e a vinculación dos temas a tratar coa realidade local. É un evento localizado que pretende nutrir a rede cidadá e así encamiñarnos cara novas formas de vivir máis sostibles, fértiles e posibles.

Programa completo:

XOVES 22

- **Noite. *Velada astronómica na Barca.*** Unha actividade para poder iniciarse nos coñecementos astronómicos e pasar unha velada, bastante máxica, na porta do santuario. A cargo de Xosé Valencia Romar.

VENRES 23 (no Cabo da Vila)

- **Mañá e tarde. *Outras Muxías.*** Instalación da exposición efémera *Outras Muxías* (participación aberta con previa convocatoria a través das redes sociais, na cal se invita á creación de diversas visións sobre o futuro e presente do concello a través das artes plásticas e a literatura). A cargo da organización.
- **Tarde. *Mercadiño cultural e creación da Biblioteca do Nordés.*** Realizarase un pequeno mercadiño de intercambio no Cabo da Vila aberto a todas as persoas no que se intercambiará cultura (libros, películas, etc). Despois pintaremos, en colectivo, unha estantería que será a base da Biblioteca do Nordés, unha biblioteca de intercambio de libros que formará parte da biblioteca municipal. A cargo da organización.
- **Noite. *Cine no Cabo da Vila.*** (Actividade por confirmar).

SÁBADO 24 (no Coído)

- **Mañá. Lixo do mar: acción e debate.** Recollida colectiva do lixo mariño do Coído e debate aberto posterior, na mesma praza, sobre a problemática medio ambiental da gran cantidade de lixo que hai no mar e ronda de propostas colectiva sobre posibles accións. Coa participación da Asociación Mar de Fábula.
- **Tarde. Busca do Tesouro.** Xogo conxunto e aberto por todo o pobo. A cargo da organización.
- **Noite. Xurelada no Coído.** Ó acabar o xogo farase unha pequena xurelada na praza do Coído amenizada con música, a cargo dos djs de cumbia e música latina *La Sincereza* (Santiago de Compostela). A cargo da organización.

DOMINGO 25.

- **Tarde. MDN: Batalla de gallos.** Celebración dunha batalla de galos que pretende dar un espazo á xuventude que actualmente desfruta con este tipo de expresión artística e traer, tamén, a algunhas persoas galegas máis recoñecidas no ámbito. A cargo do colectivo MDN. Na Pedriña.

ORGANIZA: CONCELLLO DE MUXIA E AS.XUV. COMA AREA

**ORGANIZA:
CONCELLO DE MUXÍA**

COMAREA ASOCIACIÓN XUVENIL

2

